

# Editorial

Aínda que *CROA* ve a luz xeralmente á finais de cada ano, sendo así unha das poucas revistas que “está ó día”, nesta ocasión o número correspondente a 2003 estará na rúa xa ben entrado o 2004. Este pequeno retraso xustifícase, ademais de por varios imponderables imprevistos, pola intención de publicar o informe das escavacións que, logo de sete anos sen elas, se fixeron no Castro de Viladonga no outono de 2003. Así, houbo que agardar pola redacción do informe preliminar valorativo dos traballos, que os responsables dos traballos, Felipe Arias e Emilio Ramil, tiñan que remitir á Dirección xeral de Patrimonio Cultural, e logo tamén houbemos de esperar por unha adaptación de tal informe técnico-administrativo para a súa inclusión como artigo neste *CROA*, todo isto debido ó interese que, sen dúbida, ten tanto para profesionais como para afeccionados, pero igualmente para todo tipo de lectores como os que, así nos consta, ten o noso Boletín.

Cando nos planteamos reflexionar sobre diversos temas de actualidade nesta sección que abre cada número do noso Boletín anual *Croa*, a aceleración que a sociedade contemporánea imprime a toda actividade e pensamento é tal que, ó longo dun ano, xorden moi diversas e, ás veces, ata perentorias cuestións que, de seguida, semellan deixar obsoleto este apartado da revista. Un ano como o que acabamos de pasar, que se iniciou coa desfeita do *Prestige*, continuou (e continúa) coa guerra do Iraq (que tanto afectou ó patrimonio histórico e cultural non só daquel país senón de todo o mundo), e que



O Castro non se libra das agresións do “feísmo” paisaxístico: en primeiro plano, repoboación forestal descontrolada, e ó fondo a concentración parcelaria arrasa camiños, valados e calquera outra pegada histórica (fot. Jesús Caínzos).

nos introduce de cheo no primeiro dos Anos Santos (que polo visto e oído, xa quedarán acuñados como ‘Xacobeos’) do século XXI, non permite un sosiego suficiente para resumir e, como dicíamos, reflexionar sobre tantos temas que afectan ó Patrimonio Cultural ó que dedica os seus esforzos a nosa Asociación, empezando, loxicamente, polo Castro e Museo de Viladonga que nos motivan en primeira instancia. Abonde citar algúns puntos ou aspectos que neste momento chaman a nosa atención.

Un primeiro tema sería, precisamente, o referido á lexislación sobre o Patrimonio Cultural. Coméntouse a miúdo que a normativa de protección do noso acervo patrimonial e histórico adoita ser case perfecta pero que o seu maior problema foi sempre o do seu incumprimento.

En efecto, de cotío vemos que as leis, decretos, ordes, regulamentos e normas varias, a maior parte delas ben pensadas, adoitan quedarse niso que o vulgo chama “papel mollado”, e isto é igual se nos referimos ó patrimonio arquitectónico (lembramos o agora chamado “feísmo” que afecta desgraciadamente a todo o territorio, urbano, periurbano, rural e natural), ou á falta de control sobre desfeitas no patrimonio arqueolóxico (e non digamos no de carácter etnográfico), ou sobre o paradigmaticamente incontrolado comercio e chamarileo de bens patrimoniais ou, en fin e por rematar cun exemplo que atinxe máis directamente á nosa Asociación, á falta de regulamentación sobre os museos galegos case nove anos despois da aprobación da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia, cando era unha das asignaturas pendentes da normativa que máis urxen-

cia pedía e segue pedindo, precisamente porque está relacionada con moitos dos outros temas citados: as desfeitas e perda de estruturas e materiais arqueolóxicos, o descontrol do comercio de bens históricos, etc. Agardemos que o Xacobeo non impida, senón o contrario, o cumprimento e o desenvolvemento axeitados daquela normativa, fundamental tanto para preservar e transmitir a memoria colectiva como para afrontar os retos do século XXI sen perder a nosa identidade.

Se de lexislación falamos, temos que recordar ás/os nosas/os asociadas/os que, antes do mes de xuño de 2004, teremos que facer unha actualización dos nosos Estatutos, para acomodalos á Lei Orgánica 1/2002, que é a nova reguladora do dereito de asociación. Isto esixe unha revisión dos anteriores e, a maiores, supón un reto para que as persoas pertencentes á nosa entidade participen activamente na elaboración duns novos Estatutos, por medio de suxestións, comentarios, opinións e todo tipo de achegas que nos permitan, por un lado, facer un traballo máis completo e, por outro, poder atender ás demandas das/os nosas/os socias/os. En breve, abrirase un prazo para aportar ideas ó respecto e na primavera de 2004 convocarase unha Asemblea extraordinaria para debater e aprobar a nosa nova norma de convivencia e actuación.

E se de regulación e de Patrimonio Cultural seguimos falando,

tamén parece que estamos nun momento en que o poder mediático está influíndo e incidindo quizais en exceso na acuñación de termos e conceptos relacionados con aquel Patrimonio e, moi especificamente para o que a nós máis nos afecta, cos xacementos arqueolóxicos e cos museos en xeral. Faise necesario reflexionar máis, e máis publicamente, sobre este asunto e constatar a preocupación que existe entre moitos profesionais destes temas ó respecto, como se pon de manifesto nas diversas reunións científicas e culturais celebradas na última década sobre estes asuntos.

Pois sucede que se aplica o concepto de “musealización” sen criterio ningún e cun descoñecemento total do que é un museo (e polo tanto unha musealización), e confúndense ou mistúranse museos con parques temáticos, e estes cos centros de interpretación, e chámase aula didáctica a cousas que máis parecen simples salas de xogos ou, en fin, confórmase un *totum revolutum* onde o importante é “vender” calquera produto, real ou irreal, material ou intelectual, sen a reflexión necesaria e, moitas veces, sen acudir ós técnicos que a sociedade preparou e prepara para facelo. E iso sen mencionar, unha vez máis, o novo “deus” chamado “novas tecnoloxías”, do que se abusa continuamente confundindo unha e outra vez e cada vez máis o que son uns medios co que deben ser uns obxectivos e uns fins.

Desde o noso punto de vista e pola parte que nos toca, cómpre chamar a atención sobre a necesaria potenciación e promoción dos museos integrais e completos (o que evidentemente non impide, senón que a complementa, a existencia doutras figuras e entidades), no noso caso asociado a un xacemento visitable desde comezos dos anos setenta do século XX (que se di pronto, cando van aló máis de tres décadas), aínda que ás veces son as propias administracións que deberían coidalos e promovelos as que teñen conxuntos como Viladonga, senón marxinados, si moi preteridos. Aínda que, como tantas veces nos recorda o director do “noso” Museo, ben sabemos que o número de visitantes non é o todo, haberá que recordar a quen proceda que, desde fins do ano 1986 en que se abriu ó público, o Museo do Castro de Viladonga xa recibiu máis de 263.000 visitas, e que estas son case 300.000 no xacemento ó estar aberto de xeito permanente, se ben no último ano e como nos sinala o mesmo director, por razóns tan numerosas como variadas (o tempo meteorolóxico, a baixada do turismo en termos globais, a redución das actividades extraescolares —e do número de escolares—, etc.), hai que falar dunha lixeira diminución que, esperamos, sexa compensada con ese “boom” turístico que a administración autonómica nos anuncia para o Xacobeo (¡perdón!, Ano Santo) 2004.